

MEMORIA EXPLICATIVA DO CONTIDO DO PROXECTO DE ORZAMENTO PARA O 2017 (Artigo 168.1.a. do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Regulado das Facendas Locais).-

A presente memoria formúlase en cumprimento do establecido no artigo 168.1.a) do RD Lex. 2/2004, do 5 de marzo, como documento básico da planificación económica do Concello, cumprindo, ademais, as finalidades que a normativa reguladora das facendas locais lle atribúe para garantir a transparencia e estabilidade da actividade financeira e permitir a súa fiscalización e control.

O Proxecto de Orzamento para o exercicio económico de 2017 inclúe a totalidade dos ingresos previstos e dos gastos que se espera realizar durante o ano.

Os Estados de Ingresos e Gastos aparecen equilibrados, cumpren o obxectivo de estabilidade establecido para as Corporacións Locais e se adaptan aos criterios de clasificación por programas e áreas de gasto e económica establecidos pola Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro (BOE núm. 297, de 10 de decembro), aplicables aos orzamentos municipais.

ESTADO DE GASTOS

Capítulo	Expresión	Crédito Inicial	%
1	Gastos de persoal	5.069.263,47 €	38,58
2	Gastos en bens correntes e servizos	6.543.776,49 €	49,80
3	Gastos financeiros	32.408,89 €	0,25
4	Transferencias correntes	188.150,00 €	1,43
6	Inversións reais	805.000,00 €	6,13
7	Transferencias de capital	77.000,00 €	0,59
8	Activos financeiros	61.000,00 €	0,46
9	Pasivos financeiros	362.536,16 €	2,76
	TOTAL	13.139.135,01 €	100,00

ESTADO DE INGRESOS

Capítulo	Expresión	Previsión Inicial	%
1	Impostos directos	3.846.100,00 €	29,272
2	Impostos indirectos	115.000,00 €	0,875
3	Taxas e outros ingresos	3.099.622,41 €	23,591
4	Transferencias correntes	6.006.812,60 €	45,717
5	Ingresos patrimoniais	15.100,00 €	0,115
7	Transferencias de capital	500,00 €	0,004
8	Activos financeiros	56.000,00 €	0,426
9	Pasivos financeiros	0,00 €	0,000
	TOTAL	13.139.135,01 €	100%

GASTOS:

1.- Cargos electos con dedicación parcial ou exclusiva: Contémplanse como retribucións e cotas da Seguridade Social a cargo da Entidade e as contías asignadas aos cargos que conlevan retribución por dedicación exclusiva ou parcial, axustándose ás limitacións en canto as contías e número de persoal eventual establecidas na Ley 7/1985 reguladora das bases de réxime local.

2.- En materia de persoal: Recóselles a previsión contida na Lei 48/2015, de Orzamentos Xerais do Estado para 2016, prorrogado para o 2017, cunha cobertura orzamentaria en previsión, en termos de razoabilidade, do 1% coa finalidade de adaptar, de ser o caso, a posibilidade de incremento de retribucións do persoal municipal a través da futura Lei de orzamentos xerais do Estado para 2017.

Se dotan as partidas necesarias para, entre outras, acción social, formación de persoal, prevención de riscos e seguros.

Con carácter xeral, en termos de homoxeneidade, mantense a estrutura da plantilla de persoal vixente no exercicio anterior, tendo sido consensuado o proxecto de orzamento cos representantes sindicais dos traballadores na Mesa de Negociación.

Mantense a aportación contra a aplicación orzamentaria 1532.13100 por importe de 100.000,00€ para a cobertura do Plan de Emprego municipal a executar ao longo do exercicio 2017.

Destacar a consignación orzamentaria de 100.000,00€ co obxecto de contemplar o posible incremento retributivo derivado da valoración resultante dos traballos realizados na modificación da Relación de Postos de Traballo unha vez consolidada a cifra resultante do exercicio 2016.

A inexistencia de valoración de ningún tipo dos postos de traballo existentes na Corporación municipal obrigou a tentar facer unha Relación de postos de traballo que atendera aos factores que graduarían os complementos retributivos adecuadamente para cada posto de traballo, dando cumprimento a obriga legal de ter aprobado un documento desta natureza que permita valorar o traballo a desempregar polos traballadores públicos.

O obxectivo principal da RPT é conseguir definir as responsabilidades de cada traballador e situar correctamente o posto dentro do organigrama da organización, identificando as tarefas inherentes a cada posto e as exixencias do mesmo así como os requisitos mínimos que debe ter a persoa que desempeña o posto para establecer as necesidades de capacitación que se requiren.

O contido dos postos de traballo existentes, así como os obxectivos asignados a cada posto son modificados en atención a proposta de organización na que se detallan por cada posto as funcións afectadas e a súa inserción no conxunto da organización municipal.

Non resulta admisible una subida xeneralizada de retribucións sen fundamentación que atenda aos factores descritos polo que a Corporación entende que a aplicación gradual e ponderada para cada posto xustificaría o seu incremento, de ser o caso, que de ningún modo se poderá considerar lineal.

A reestruturación das funcións atribuídas aos distintos postos nos departamentos determina unha modificación retributiva que se concreta nos incrementos reflectidos nas aplicacións alzadas que acompañan ao orzamento, sen que se poda considerar, en ningún caso, a existencia dun incremento lineal.

Prevese unha dotación de 150.000,00€ para a cobertura do gasto asociado á cobertura temporal daquel persoal incorporado temporalmente asociado a programas e subvencións procedentes doutras Administracións Públicas, coa finalidade de dar cobertura ao gasto non financiable.

O importe total orzamentado representa o 38,58% do total do orzamento do Concello e alcanza a contía de 5.069.263,47 €, o que supón un incremento do 4,4% respecto do orzamento de 2016, que porcentualmente se situaba no 38,20% do total orzamentado.

3.- En relación co capítulo de gastos en bens correntes e servizos, destacar que se dotan os créditos necesarios para atender as obrigas que se deriven dos compromisos de gastos debidamente adquiridos, asociados ao mantemento de contratos vixentes ou de tracto sucesivo.

Plantéxase a hipótese de dotar o crédito necesario para o mantemento de infraestruturas, reposición e conservación das existentes, e a cobertura dos servizos básicos municipais, o que representa un total de 6.543.776,49 €, isto é, o 49,80% do total orzamentado, o que supón un incremento do 3,51% respecto das previsións do exercicio 2016.

Con carácter particular, cabe resaltar a dotación dos seguintes créditos:

-En materia de prestación de servizos, asistencia e consultoría, prevense os créditos necesarios para atender os compromisos de gastos en relación co servizo de axuda a domicilio, limpeza de edificios e instalacións, parques e xardíns, recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, subministro de enerxía eléctrica, servizo de saneamento, mantemento pozos de bombeo, mantemento de zonas axardinadas e xestión medioambiental, realización de actividades culturais, deportivas e de esparexemento mediante contratos de prestación de servizos, mantemento de equipos e aplicacións informáticas e servizos de recadación.

4.- Os capítulos 3 (xuros da débeda) e 9 (amortización de préstamos a longo prazo), tendo en conta a formalización das operacións asociadas ao Plan de axuste para o pago a provedores, dótanse os créditos iniciais necesarios para o pago dos xuros polas operacións subscritas

5.-As transferencias correntes representan 188.150,00 € das cales destinadas a realización de actividades de interese ou competencia municipal.

6.-As inversións reais e transferencias de capital ascenden a 805.000 €. Destacar o incremento respecto ao orzamento 2016, no que figuraban inversións pola contía de 536.000,00 €. O planteamento das novas inversións se sustenta exclusivamente con recursos municipais, detallando os investimentos municipais e as dotación para actuacións en colaboracións con outras administracións públicas, sen contemplar o

crédito como alternativa para a súa financiación, tratando de conter o déficit público aos marxes esixidos pola normativa sobre estabilidade orzamentaria.

7.- En concepto de activos financeiros dótase un crédito inicial de 61.000,00 € destinado a atender préstamos sen xuros que a Entidade conceda aos persoal ao seu servizo sobre as nóminas pendentes de devengar. A cantidade será obxecto de ampliación de crédito en atención ao reembolso dos anticipos concedidos pendentes de devolución e coa regular detracción das cantidades anticipadas ao persoal mediante o seu cargo contra a nómina.

8.- En concepto de pasivos financeiros, detállanse os créditos necesarios para a amortización das operacións de crédito vivas que posúe o Concello, coa previsión dun diferencial coa finalidade de dar cumprimento aos extremos esixidos polo artigo 14 da Lei Orgánica 2/2012, de 14 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

Como consecuencia do outorgamento ao Concello do programa DUSI, no orzamento reflíctese o cofinanciamento que lle corresponde ao Concello en cada un dos obxectivos (anualidade 2016-2017). Unha vez que se teñan definido os proxectos e programas para cada unha das liñas que conforman cada un dos obxectivos, farase a preceptiva modificación orzamentaria por xeración no estado de gastos, incorporándose o financiamento europeo.

En conxunto os gastos previstos ascenden a **13.139.135,01€** fronte aos **12.673.001,97 €** do 2016, consolidados, o que representa un incremento do 4%, respectando a referencia do PIB fixada como indicador da regra de gasto para o período 2017-2019 polo acordo do MEH de 02/12/2016 polo que se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública para o conxunto das administracións públicas e de cada un dos subsectores para o período 2017-2019 e o límite do gasto non financeiro para 2017 que o sitúa no 2,1 %.

INGRESOS:

En canto aos ingresos merecen especial mención os seguintes conceptos:

1.- Os impostos directos ascenden a 3.846.100,00 €, fronte aos 3.584.700,00€ do exercicio 2016. O Imposto sobre Bens Inmóbiles do Concello de Marín, ten a última revisión da ponencia de valores catastrais do ano 1988, as previsións de ingresos que por este concepto se incrementan e tendo en consideración a inexistencia de revisión da ponencia de valores catastrais, acomodándose ao volume de dereitos recoñecidos e efectivamente recadados nos últimos exercicios.

Contéplase como modificación o incremento valorado en 200.000,00€ polas incorporación de elementos tributarios e as melloras na xestión que se ponderan atendendo a súa programación anual.

Do mesmo xeito o imposto sobre vehículos de tracción mecánica, o imposto sobre actividades económicas e o imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana preséntanse nas súas previsións atendendo aos dereitos recoñecidos e aos

ingresos efectivamente recadados para ofrecer unha estimación razoable en termos de prudencia.

O capítulo 1 alcanza 29,57% do total orzamentado o que supón un leve incremento fronte ao 28,28% respecto do 2016.

2.- O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, reflexa unha previsión similar de 115.000,00€ igual que o exercicio 2016. Óptase por aplicar un criterio de prudencia, sobre as estimacións de tramitación das licencias e obras executadas no Concello.

3.- As taxas e outros ingresos representan 3.099.622,41 €, reducindo a previsión do ano 2016 que ascendía a 3.159.997,97€. Esta redución está xustificada en atención ao criterio recadatorio dos ingresos derivadas da recadación da taxa pola prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable, recollida domiciliaria de lixo, saneamento e as taxas pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal, incorporando os datos que se reflicten da comparación entre os dereitos recoñecidos e os efectivamente recadados.

4.- As transferencias correntes ascenden a 6.006.812,60 €, fronte a 5.729.754,00€ no 2016. Desda cantidade 5.169.512,60€ corresponden a Participación Municipal nos Tributos do Estado, e 787.000,00€ ao Fondo de Cooperación Local. A diferenza respecto do exercicio anterior está localizada sobre todo no incremento das aportacións do Estado e demais organismos oficiais.

5.- Por ingresos patrimoniais recóllese unha previsión inicial de 15.100,00€ recolléndose 27.050,00€ no exercicio 2016. Sendo unha aproximación máis prudente a recollida para o exercicio 2017 en correspondencia cos rendementos previstos por xuros de depósitos e arrendamentos e outros ingresos patrimoniais.

6.- En concepto de transferencias de capital consígnanse previsións iniciais por importe de 500€, téndose recollido 500€ en 2016.

7.- Os activos financeiros reflicten as eventuais devolucións dos préstamos concedidos sen xuros ao persoal ao servizo da corporación.

8.- No capítulo 9 de pasivos financeiros, non se recolle previsión algunha de financiamento con cargo a operacións de préstamo a longo prazo.

Sen embargo, o capital vivo do Concello o sitúa nun nivel de endebedamento do 12%, moi afastado tendo en conta o máximo legal permitido do 110% e o 75% previstos para a posibilidade de concertar novas operacións de endebedamento.

En conxunto o Orzamento preséntase equilibrado e sen déficit inicial de conformidade co disposto no artigo 165 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

En canto as Bases de Execución do Orzamento, desenvolven de forma detallada os procedementos de xestión de gastos e establecen normas xerais sobre liquidación de dereitos e fiscalización de actos de contido económico –patrimonial adaptado o seu contido as disposicións legais de aplicación.

Marín a 23 de marzo de 2017

A ALCALDESA –PRESIDENTA

Asdo.: María del Pilar Ramallo Vázquez